



CONCELLO DE

PONTE CALDELAS

CONCELLO DE PONTE CALDELAS
SAIDA
 02 JUN 2016
 TÁBLON
 Nº: 2168

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 239/2016

BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL DE DURACIÓN DETERMINADA DE 5 TRABALLADORES/AS PARA O SERVIZO DE "LIMPEZA DE PARQUES E XARDÍNS", Ó ABEIRO ORDE DO 29 DE DECEMBRO DE 2015 PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DE RISGA

Vista a Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases que regulan as axudas para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Renda de Integración Social(Risga), e se aproba a convocatoria para o ano 2016; publicadas no Diario Oficial de Galicia do mércores 30 de decembro de 2015.

Vista a resolución da Xefatura Territorial de Vigo, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, de data 12/05/16 e con rexistro de entrada neste Concello de data 23/05/16, de concesión de subvención ó Concello de Ponte Caldelas para a contratación de 5 traballadores/as por un periodo de 7 meses e ó 75% da xornada laboral, para a realización do seguinte servizo:

Servizo	Número Traballadores/as
Limpeza de Parques e Xardíns	5
TOTAIS	5

Visto que no artigo 4 da citada Orde de convocatoria establececese que as mencionadas axudas ou subvencións irán destinadas a financiar os custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos, na mesma cantidade que a fixada para o salario segundo o convenio colectivo vixente no momento de formular a solicitude.

Visto o artigo 10 da citada Orde: "...Os traballadores e traballadoras que se contraten deberán ser, en todo caso, **persoas perceptoras da Risga e estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas.** Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato. **Terán preferencia, en todo caso, os persoas perceptoras da Risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral e os maiores de 45 anos e os que teñan cargas familiares...**".

Visto o acordo de nomeamento como representante da Consellería de Economía, Emprego e Industria no grupo mixto de selección de persoal, con rexistro de entrada no Concello de data 27/05/16, á persoa que ocupe o posto de director/a da oficina de emprego correspondente

O carácter temporal destas prazas, unido á **urxente** necesidade de seleccionar os/as traballadores/as, dado que o citado servizo debe iniciarse con límite de prazo do 23 de xuño de 2016, fai que se aproben os seguintes criterios para a

C.I.F. P. 3604300_H

selección do persoal, que en todo caso garanten suficientemente os principios de igualdade, mérito e capacidade, de obrigado cumprimento.

Visto o informe de secretaría de data 2 de xuño de 2016.

Dadas as competencias desta Alcaldía, de acordo co establecido nos artigos 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local;

Así, de conformidade co sinalado no artigo 21.1.g) da Lei 7/85, **DISPOÑO:**

1º. Aproba-la correspondente convocatoria das seguintes prazas, tendo en conta que só poderán optar a ela os candidatos que previamente remita ó Concello a Oficina de Emprego de Pontevedra.

Servizo	Número Traballadores/as
Limpeza de Parques e Xardíns	5
TOTAIS	5

2º Remitir á oficina de Emprego correspondente en modelo normalizado da Consellería de Traballo e Benestar, unha solicitude de remisión de relación de candidatos/as para o citado servizo.

3º. Aproba-las seguintes bases que rexerán a contratación laboral temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Risga, para o ano 2016.

1.- OBXETO DA CONVOCATORIA

As presentes Bases regulan o procedemento selectivo para a contratación laboral temporal, mediante contrato de duración determinada de interese social, de **5 traballadores/as, coa categoría de peón, por un período de 7 meses a xornada parcial de 30 horas semanais**, destinados a prestar o servizo de **“Limpeza de Parques e Xardíns**, ó abeiro da Orde de 29 de decembro de 2015, publicada no DOG nº248, de 30/12/15.

As tarefas a realizar polo persoal seleccionado a través destas bases son as seguintes para o servizo **“Limpeza de Parques e Xardíns”** son:

- Desbroce en zonas verdes e xardíns
- Limpeza de espazos públicos.
- Prantación de arbustos e outras especies
- Outras labores relacionadas co servizo.

O artigo 10, da citada Orde establece:

“...c) A selección de traballadores e traballadoras que se contraten será realizada por un grupo mixto constituído para tal fin por representantes da Consellería de Economía, Emprego e Industria e da entidade beneficiaria, que actuará de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

d) Os traballadores e traballadoras que se contraten deberán ser, en todo caso, persoas perceptoras da Risga e estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato. Terán preferencia, en todo caso, os persoas perceptoras da Risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral e os maiores de 45 anos e os que teñan cargas familiares.

e) Calquera que sexa a entidade local que realice as contratacións, deberá solicitar as persoas demandantes non ocupadas, necesariamente mediante a presentación da oferta específica do programa de contratación de beneficiarios/as da Risga, nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia... ”.

A Oficina de Emprego correspondente remitirá a correspondente relación de candidatos, logo da correspondente oferta de emprego, e será a responsable de que os candidatos que envía cumpren cos requisitos establecidos no citado artigo.

2.- DURACIÓN DO CONTRATO

O contrato será de **duración determinada de interese social, por un periodo de 7 meses a xornada parcial de 30 horas semanais (75% da xornada laboral)**

3.- RETRIBUCIÓN

A retribución bruta mensual a percibir por cada traballador, será a establecida no Convenio colectivo provincial da Construción, publicado no BOP nº 164, de 28/08/13.

4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1.- Para ser admitidos á realización da selección os aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española, sen perxuízo do disposto no artigo 57 da lei 7/2007 no que respecta ao acceso ao emprego público dos nacionais doutros estados.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilización forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilización forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de

persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Os traballadores e traballadoras que se contraten deberán ser, en todo caso, persoas perceptoras da Risga e estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas.

2.- Tódolos requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes o día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, alomenos, ata a data da súa contratación.

5.- SISTEMA DE SELECCIÓN

Establécese como sistema de selección o **concurso-oposición** en virtude da necesidade de que os/as candidatos/as amosen a súa idoneidade para o posto a cubrir.

Neste sistema procederáse á valoración dos méritos presentados polos aspirantes de conformidade co recollido nestas bases. Asemesmo, realizaranse unha **ou varias probas prácticas** ós/ás candidatos/as relacionadas co posto a cubrir.

6.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

As bases da selección publicaranse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.pontecaldelas.org) dende o mesmo día da súa aprobación e ata a finalización do proceso selectivo.

Tal e como establece o artigo 10-e) da Orde de 29 de decembro de 2015, o Concello presentará unha oferta de emprego ante a oficina de emprego correspondente.

O citado artigo tamén establece que a Oficina de Emprego correspondente, neste caso a de de Pontevedra, remitirá ó Concello a relación de candidatos, sendo esta oficina a responsable de que se correspondan con **persoas perceptoras da Risga e estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas.**

Sen prexuízo de que poda empregar outro medio de comunicación adicional, o Concello notificará ós candidatos a súa inclusión na relación remitida pola oficina de Emprego de Pontevedra, mediante inserción de anuncio no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello.

Os candidatos que figuren na relación remitida pola oficina de emprego disporán dun prazo de 5 días hábiles para presentar as súas solicitudes de participación no proceso selectivo, así coma a documentación xustificativa dos méritos ó concello podendo empregar as diferentes vías existentes; entendendo que desisten de participar aqueles que non presenten documentación. Se cadra en sábado ampliarase ó día hábil seguinte.

Dada a urxencia de que os/as traballadores/as estean contratados no prazo dun mes dende a recepción da resolución, o seguinte paso é a publicación, no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web, da **lista de admitidos do proceso selectivo**, con indicación do horario e lugar de realización da baremación de méritos e da/s proba/s práctica/s.

A **baremación de méritos e a/s proba/s práctica/s** realizaranse polo tribunal o día e no lugar establecidos.

O tribunal cualificador propondrá á Alcaldía a contratación dos/as aspirantes que obtiveran maior cualificación total sen exceder do número de postos de traballo.

O artigo 10 da Orde de 29 de decembro de 2015 establece: “...**Terán preferencia, en todo caso, os persoas perceptoras da Risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral e os maiores de 45 anos e os que teñan cargas familiares**”.

En caso de empate na valoración total do concurso de méritos, se atenderá ós seguintes criterios na seguinte orde de preferencia:

Primeiro: quen teña asignado un proxecto de inserción de carácter laboral (pedirase informe á traballadora social do Concello), quen teña mais de 25 anos ou quen teña cargas familiares.

Segundo: quen obtivese mellor informe de seguimento do itinerario, por parte da Técnica do II Plan de Inclusión de Galicia.

Terceiro: quen obtivese maior puntuación na proba práctica.

Asemesmo, publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello a **resolución de alcaldía coas puntuacións acadadas polos/as candidatos/as e os/as seleccionados/as** e procederase á formalización dos contratos o 20 de Xuño.

7.- DOCUMENTACIÓN E PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

Os/as candidatos/as, preseleccionados/as pola oficina de emprego, interesados/as en participar no proceso selectivo convocado, deberán facelo mediante **presentación de instancia co prazo establecido na oferta de emprego**, á que xuntarán a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios.
- Fotocopia compulsada dos certificados da lingua galega.
- Declaración xurada manifestando que se reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria á finalización do prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes dirixiranse ao Sr. Alcalde Presidente do Concello e poderán ser presentadas diante do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos do Concello sendo o horario de presentación de documentación de luns a

venres: 9:00 a 14:00 horas e sábados de 10:00 horas a 13:00 horas, ou en calquera das formas admitidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Se algún dos interesados fixera uso da facultade de presentar as súas ofertas por correo ou noutra oficina administrativa distinta da local, deberá acreditar co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos ou na oficina administrativa, e anunciar o mesmo día ao Concello por télex, fax (986750020) ou telegrama a remisión da documentación, xunto con copia do antedito resgardo.

8.- CRITERIOS DE BAREMACIÓN DE MÉRITOS

A) Formación profesional.- Só se valorarán os cursos coñecemento de galego, segundo o establecido no seguinte baremo:

Coñecemento do galego:

- Curso de iniciación de galego- Certificado de lingua galega (CELGA 1, 2 e 3): 0,10 puntos
- Curso de perfeccionamento ó galego Certificado de lingua galega (CELGA 4): 0,20 puntos.

O Curso de Iniciación o idioma galego será valorado como CELGA nº 1,2 e 3 e o Curso de Perfeccionamento da lingua galega do idioma será valorado como CELGA nº4 de conformidade co artigo 10 da Orde de 16/07/2007 da Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega(DOG nº 146 de 30/07/2007).

Neste apartado valorarase unicamente o título de maior nivel acadado polo/a aspirante.

Sóamente concederáse validez ós cursos de galego ou titulacións homologadas pola Dirección Xeral de Política Lingüística e ós da Escola Oficial de Idiomas.

A puntuación máxima por este apartado non poderá superar ós 0,20 puntos.

B) Valoración do/a perceptor/a do Risga

- **Itinerario inserción laboral no expediente RISGA, sempre que o/a beneficiario/a de RISGA cumpla cos obxetivos do mesmo.** Para elo terase en conta os informes da Traballadora social do Concello e da técnica do II plan de inclusión de Galicia..... **0,5 puntos**
- **Maiores de 45 anos.** Comprobación do DNI..... **0,5 puntos**
- **Cargas familiares.** Para elo terase en conta o informe da Traballadora social do Concello..... **0,20 puntos por persoa a cargo**

A puntuación máxima por este apartado non poderá superar 2 puntos

C) Proba Práctica.- Consistirá na realización de unha ou varias probas a proposta do Oficial de Servizos Varios do Concello e relacionadas co posto de traballo ó que se aspira. Realizaranse nas instalacións municipais en Chan da Barcia. As probas serán unha o varias das seguintes:

Proba 1.- Consistirá na utilización da desbrozadora para desbrozar unha zona do entorno do almacén municipal. Periodo máximo de 3 minutos

Proba 2.- Manexo do escobón. Os/as candidatos/as deberán barrer un tramo diante do almacén municipal. Periodo máximo de 1 minuto

A puntuación máxima por este apartado non poderá superar ós 5 puntos.

9.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.-

O artigo 10-c) da orde de convocatoria establece: " A selección de traballadores e traballadoras que se contraten será realizada por un grupo mixto constituído para tal fin por representantes da Consellería de Traballo e Benestar e da entidade beneficiaria, que actuará de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación".

Visto o acordo de nomeamento como representante da Consellería de Economía, Emprego e Industria no grupo mixto de selección de persoal, con rexistro de entrada no Concello de data 27/05/16, á persoa que ocupe o posto de director/a da oficina de emprego correspondente

Dado que non existe persoal suficiente no Concello e a urxencia de celebración do proceso selectivo, o tribunal redúcese dos cinco membros a tres, sendo éstos os seguintes:

Titulares:

Presidente: Oficial de servizos Varios do Concello de Ponte Caldelas

Vogal: Director da Oficina de Emprego Pontevedra-Bisbarra

Secretario-vogal: Persoal da Deputación Provincial de Pontevedra

Suplentes:

Operario de saneamento, Manuel Lorenzo Franco

Administrativa do Concello de Ponte Caldelas

Administrativa-tesorera do Concello de Ponte Caldelas

O Tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza de tres membros, titulares ou suplentes, con voz e voto.

O Tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

10.- ACHEGA DE DOCUMENTOS.-

Os aspirantes propostos para a súa contratación laboral temporal mediante **Contrato de duración determinada de interese social**, deberán presentar a documentación acreditativa de cumpri-los requisitos esixidos na base cuarta desta convocatoria.

11.- CONTRATO LABORAL.-

O Alcalde, de conformidade coa proposta vinculante do Tribunal Cualificador, dictará Resolución de contratación que se publicará no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello e subscribirá **Contrato de duración determinada de interese social**, cos/as aspirantes propostos/as segundo dispón a lexislación laboral, con data **20 de xuño de 2016**.

12.- RÉXIME XURÍDICO.-

O tribunal cualificador queda facultado para adopta-las decisións que estime pertinentes en aplicación das presentes bases para a boa marcha dos procesos de selección así como para resolver cantas dúbidas poidan plantexarse durante o desenvolvemento do proceso selectivo.

No non previsto nas Bases , aplicarase supletoriamente a lei 7/1985, de 2 de abril, o Real decreto lexislativo 5/2015, a lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, o Real Decreto 896/91, o Real Decreto 364/95, de 10 de marzo, e o estatuto dos traballadores.

Ponte Caldelas, a 2 de xuño de 2016



O Alcalde,

Asdo. Andrés Díaz Sobral



A Secretaria Accidental,

Asdo. Inia Fernández Peón

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE 5 TRABALLADORES/AS PARA O SERVIZOS DE "LIMPEZA DE PARQUES E XARDÍNS"

NOME E APELIDOS:

DNI:.....

ENDEREZO:.....

TELÉFONO:.....

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

- Que coñezo e acepto na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
- Solicito ser admitido/a ó referido concurso, e comprométome a someterme ás bases que o regulan.
- Que cumpro con todos os requisitos para ser admitido en virtude da Base 4 da convocatoria

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA XUNTO COA SOLICITUDE:

- A presente instancia, debidamente cuberta e asinada
- Fotocopia compulsada do D.N.I.
- Certificado de lingua galega

Ponte Caldelas, a de xuño de 2016

Asdo.....

Ponte Caldelas, a 2 de xuño de 2016

O Alcalde,

Asdo: Andrés Díaz Sobral



A Secretaria Accidental,

Asdo: Iria Fernández Peón



